

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA QUE GARANTAN O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DOMICILIARIA ANTE A SITUACIÓN DE SECA

INTRODUCCIÓN

A auga é un recurso básico para a vida, un dereito de toda a cidadanía e un ben público, ademais de ser un patrimonio social, ambiental e económico directamente relacionado co benestar da cidadanía. Tamén é un recurso limitado debido a que a cantidade dispoñible está condicionada pola súa desigual distribución no espazo e no tempo.

A importancia deste recurso está recoñecida no Plan de acción da Axenda 2030 española.

Así, en relación co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, garantir a subministración de auga en cantidade e en calidade suficientes é fundamental para o desenvolvemento da sociedade.

A garantía de subministración é máis relevante nun contexto de seca prolongada coma o actual. A Oficina Técnica da Seca vén de declarar a situación de seca prolongada despois de analizar a evolución da situación hidrolóxica e meteorolóxica na nosa comunidade e debido aos baixos caudais dos ríos e á anormal ocupación dos encoros. As temperaturas anómalas dos últimos meses, máis elevadas do habitual, e a falta de precipitacións, están detrás deste descenso do caudal.

Por iso, os municipios da nosa provincia intensificaron as accións de vixilancia e de control para a limitación do uso non prioritario da auga; e tamén desenvolveron campañas para concienciar a poboación da necesidade de reducir o seu consumo e de facer un uso responsable dela.

A situación real do abastecemento en pequenos e medianos municipios é preocupante, xa que, a pesar de que aínda son capaces de prestar o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, carecen da capacidade técnica e económica suficiente para garantir a subministración en circunstancias excepcionais coma as actuais.

Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no seu artigo 26, régulanse os servizos que, como mínimo, deben prestar os concellos. A obrigatoriedade de tales servizos establécese en función da poboación do municipio, aínda que no precepto sinalado se establece un conxunto de servizos (entre os que se inclúen o abastecemento de auga potable a domicilio) que deben prestar todos eles.

A atribución competencial básica realizada pola lei de bases refórzase na lexislación galega. Tanto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia como na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúenselles aos concellos competencias en materia de abastecemento, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establécese como servizo de prestación obrigatoria por todos os concellos, na liña da lexislación básica, o abastecemento domiciliario de auga potable.

As deputacións provinciais, pola súa banda, por imperativo legal, teñen outorgadas segundo o artigo 36.1.b) da LRBRL, as funcións de cooperación e asistencia aos municipios, asegurando, especificamente naqueles de menor capacidade económica e de xestión, a prestación daqueles servizos municipais de carácter obrigatorio.

Na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local refórzase o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal. Neste sentido, son competencias propias das deputacións, entre outras, a coordinación dos servizos municipais en todo o territorio, a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica, a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, comarcal, e a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, así como na planificación no territorio provincial.

Por todo iso, ao ser a auga un ben esencial e escaso tanto para a cidadanía como para a actividade económica de calquera sector, faise necesario garantir o abastecemento desta naquelas zonas que, por mor da seca e/ou, con carácter excepcional, pola deterioración provocada nas redes a consecuencia dos últimos incendios, se atopan en situación de emerxencia; é por iso que xorde a necesidade desta liña de actuacións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar a aqueles concellos, entidades locais menores e agrupacións de municipios (mancomunidades) no caso de que se atopan en risco de non poder abastecer de auga potable a súa poboación.

Por tratarse de actuacións de emerxencia, o procedemento de concesión e xustificación realizarase simultaneamente, conforme ao establecido nas presentes bases.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Primeira. Obxecto e finalidade

O obxectivo prioritario desta convocatoria é subvencionar aquelas actuacións de emerxencia que permitan, en pouco tempo, aumentar a cantidade de auga no sistema e que garantan o seu abastecemento e subministración a toda a poboación, estea cuberto polo sistema público ou por solucións individuais ou colectivas diferentes ao sistema público.

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións (de investimento real ou gasto corrente), previa declaración de emerxencia:

- O enchido de depósitos mediante cisternas
- Establecemento de puntos de abastecemento mediante cisternas
- Novas captacións de emerxencia coma pozos de barrena
- Conexións puntuais a outras redes por emerxencia
- Gastos derivados de bombeos extraordinarios e urxentes
- Gastos de emerxencia das entidades beneficiarias que se realicen para axudar a comunidades de usuarios de augas ou semellantes (excluídas as axudas económicas)
- Campañas de moderación de consumos
- Outras de natureza semellante, como eliminación de fugas puntuais no sistema de captación e distribución que poñan en risco o abastecemento de auga á poboación e que requiran obras de pouca entidade.

Non serán subvencionables as actuacións que supoñan obras de mellora xeneralizada, mantemento preventivo ou ampliación ordinaria das actuais redes de subministración e/ou que sexan propias do normal funcionamento do servizo.

Admitiranse como gastos subvencionables os realizados desde o 1 de agosto de 2022 ata o 31 de outubro de 2022, sempre e cando se acredite que responden a actuacións co carácter de emerxencia esixido como requisito nestas bases.

A entidade solicitante deberá xustificar adecuadamente que a actuación se corresponde con algunha das actuacións subvencionables, para o cal a Deputación solicitará cantos documentos e aclaracións considere pertinentes. De non considerarse suficientemente acreditado o cumprimento desta circunstancia, a Deputación poderá desestimar a solicitude, previa resolución motivada por parte do órgano competente.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor das entidades locais da provincia de Pontevedra no marco desta liña de axudas, para actuacións de emerxencia que garantan o abastecemento de auga potable domiciliaria ante a situación de seca na provincia de Pontevedra, rexeranse por estas bases. Con todo, para o non previsto nelas, resultará de aplicación supletoria a LXS, o seu regulamento de desenvolvemento, a Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial de Pontevedra e as restantes normas de dereito administrativo, aplicándose, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases:

- os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, e que teñan ao seu cargo a xestión da auga potable domiciliaria
- as entidades locais menores da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo IGE —referida á última actualización do censo—, sempre que teñan competencia en materia de abastecemento domiciliario de auga potable
- as agrupacións de municipios da provincia de Pontevedra (mancomunidades), que teñan delegadas as competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable, para actuacións en concellos de menos de 20.000 habitantes ou, no caso de actuacións que beneficien ao conxunto, para a parte proporcional segundo a poboación que corresponda a concellos de menos de 20.000 habitantes

Os concellos que participen nesta convocatoria a través dunha mancomunidade, non poderán solicitar a concesión de subvención de xeito individual.

No caso de participación simultánea dunha entidade local menor e do concello onde aquela se integra territorialmente, este verá minorada a súa achega na parte variable ao restarse a poboación de dereito da entidade local menor.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades nas que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a tres millóns (3.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2022, imputable ás aplicacións orzamentarias 2022/942.9427.462.97, 2022/942.9427.468.97 e 2022/942.9427.463.97, para gastos correntes, e 2022/942.9427.762.97, 2022/942.9427.763.97 e 2022/942.9427.768.97, para gastos de investimentos reais.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva, e asignaráselle a cada concello da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes un importe fixo de dez mil (10.000,00 €) euros, máis o resultante de multiplicar por 6,50 euros o número de habitantes do concello.

Ás entidades locais menores corresponderalles un importe fixo de cinco mil (5.000,00 €) euros, máis o resultante de multiplicar por 6,50 euros o número de habitantes da entidade local menor.

Ás mancomunidades corresponderalles como máximo a cantidade asignada a cada un dos concellos que a integren, sempre que teñan menos de 20.000 habitantes.

	IMPORTE FIXO	IMPORTE VARIABLE
CONCELLOS <20.000 habitantes	10.000,00 €	Poboación de dereito * 6,50 € (restando, de ser o caso, a poboación de dereito das Entidades Locais Menores que se integren no seu territorio)
ENTIDADES LOCAIS MENORES	5.000,00 €	Poboación de dereito * 6,50 €
MANCOMUNIDADES	A cantidade asignada a cada un dos concellos de menos de 20.000 habitantes que a integren	

As subvencións para cada actuación poderán alcanzar ata o 100 % do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado por concello. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

As actuacións e os investimentos subvencionables han de constituír o ámbito material de competencias dos concellos que, se o consideran oportuno, poderán asignar recursos orzamentarios propios á mesma finalidade.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que:

- Incumpran as bases da convocatoria
- Non se acollan ao obxecto subvencionable
- Non acrediten a situación de emerxencia
- No caso de entidades locais menores, que non acrediten ter as competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable
- No caso de mancomunidades, que non acrediten ter delegadas as competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable
- Non exista crédito dispoñible por esgotarse previamente

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitude. A Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento.

Sétima. Procedemento de concesión/xustificación e resolución definitiva

O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva.

A concesión das subvencións realizarase de xeito individual, a medida que se vaian presentando as solicitudes e se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos para a súa concesión.

Serán subvencionables varias actuacións; de cada unha delas farase a correspondente solicitude co seu formulario.

Por tratarse de actuacións de emerxencia, o procedemento de concesión e xustificación realizarase simultaneamente, do seguinte xeito e sen prexuízo de posteriores achegas de documentación xustificativa e das comprobacións pertinentes:

1. A instrución do procedemento de concesión/xustificación de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos municipios
2. A instrución do procedemento de concesión/xustificación comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a) Unha vez presentada a solicitude, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles
 - b) Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios
 - c) Informes-proposta da xefa do Servizo de Cooperación para a aprobación da concesión da axuda e simultaneamente a súa xustificación. No caso de que a solicitude fose desestimada, motivaranse as razóns da desestimación
 - d) Informe de fiscalización de Intervención de cada expediente de solicitude e do informe-proposta de concesión/xustificación
 - e) Propostas de resolucións definitivas, que se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación

- f) Resolucions do órgano competente, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, nas que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as potenciais entidades beneficiarias, lexitímaas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión/xustificación de subvención
3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique. Unha vez notificada a resolución, entenderase aceptada polos concellos salvo que estes a rexeiten expresamente.

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes, asinadas polas e polos representantes locais, presentaranse debidamente cubertas, e nelas especificaranse a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As devanditas solicitudes deberán aprobarse mediante un acordo do órgano competente da entidade solicitante, no que se indiquen expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, e achegarse este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e ata o 31 de outubro de 2022.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, na que constan as seguintes declaracións responsables:

- Que a entidade solicitante non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da mesma actuación. No caso de que existisen outras axudas ou subvencións concorrentes, achegarase o detalle de cada unha delas, e acreditarase que a suma total non supera o 100 % do importe
- Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención
- Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social
- Que a finalidade obxecto de subvención é unha competencia municipal (artigo 7 da LRRL); no caso de entidades locais menores, que teñan competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable; e, no caso de agrupacións de municipios (mancomunidades), que teñan delegadas as competencias en materia de

abastecemento domiciliario de auga potable, con indicación expresa dos concellos que a conforman

- Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar tanta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.

Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do carácter de emerxencia da actuación, na que se identifiquen, de ser posible, aspectos coma o número de persoas afectadas, a necesidade de adoptar medidas para paliar a emerxencia do abastecemento e os resultados e obxectivos que se pretenden acadar e/ou, no seu caso, o acordo do órgano competente da entidade local no que se declara o carácter de emerxencia da actuación
- Memoria descritiva das actuacións realizadas segundo o gasto que se xustifica, asinada por persoal técnico competente, na que se detallen, en todo caso, o obxecto e a finalidade, os antecedentes, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada. Esta virá acompañada dun orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos elementos da actuación e as características técnicas; nel detallaranse os prezos de cada elemento e o número de unidades (co IVE desagregado), así como os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a actuación quede perfectamente definida
- Conta xustificativa dos gastos realizados, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e na que se detallarán as facturas/certificacións ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando o acredor e o documento, o importe, a data de emisión e, se é posible, a data na que se pagou)
- Facturas/ certificacións polo importe da subvención concedida
- Acordo de aprobación das facturas/certificacións polo órgano competente da entidade beneficiaria

- O/s contrato/s, agás para o caso de contratos menores definidos no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, nos que só se esixirán a resolución ou a certificación do acordo ou decreto da aprobación do gasto e a factura correspondente conforme ao especificado para os investimentos reais
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación das actuacións subvencionables ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución
- Certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente da entidade local no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación realizada
 - Que se cumpriron os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases reguladoras
 - O procedemento de contratación que se seguiu e que o mesmo se axusta á normativa vixente.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

A comprobación do contido dos proxectos realizarana os servizos técnicos provinciais.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicarásele que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Execución das actuacións

As actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 31 de outubro de 2022.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións

- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial
- A comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional
- A cumprir a normativa de contratación e a demais normativa que sexa de aplicación

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente
- Acreditar a publicidade, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria
- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, despois da comprobación material realizada pola Deputación. O cartel colocarse nun lugar suficientemente visible

Para facilitar o cumprimento destas obrigas pódese descargar o manual cos formatos a empregar na seguinte ligazón: <https://www.depo.gal/documents/37861/77851/AXUDAS-PLAN-AUGA.pdf>

Décimo quinta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades

beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais, se procede, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención; emitirase como resultado un informe con carácter previo á proposta de aprobación da xustificación. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda.

Décimo sexta. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, unha das obrigas da entidade beneficiaria é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo sétima. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- o incumprimento da normativa de contratos

- o incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto e/ou na memoria
- o incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención

Décimo oitava. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>